

## Legálitas versus Letrados da Xunta

A subscrición dun seguro de defensa xurídica con **Legálitas** por parte da Consellaría destinado ao persoal docente dos centros públicos merece unha análise detallada que realizará a asesoría xurídica do STEG en canto teñamos acceso á poliza do seguro contratado. Facilitaría moito este labor o feito de que a Consellaría dera a coñecer públicamente o informe realizado pola asesoría xurídica da Xunta, preceptivo antes de realizar a contratación, e ao que nin tivemos nin parece que vaiamos ter acceso... Desde o STEG queremos denunciar, ademais da privatización de servizos públicos e a actitude autoritaria da Consellaría, que non ten a ben negociar na Mesa Sectorial cos sindicatos unha medida como esta, as seguintes cuestións:

**O Decreto 343/2003 Regulamento Orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta inclúe no seu artigo 43** a defensa do funcionariado ante calquera xurisdicción como función dos letrados da Xunta. Polo tanto o suposto de risco amparado polo novo seguro estaba xa perfectamente cuberto.

De feito o estaba moito mellor do que agora nos presenta a Consellaría, xa que o seguro abre moitas incógnitas e xera problemas novos:

1.- Exclúe da cobertura **“cando o sinistro sexa causado por mala fe do asegurado”**, exclusión problemática porque, de aplicar a exclusión estritamente, deixaríase fóra practicamente a inmensa maioría dos casos penais.

2.- Exclúe tamén os casos nos que haxa **conflicto de intereses coa Administración**, o que tamén pode ser potencialmente problemático, xa que, como ben sabemos no STEG, a meirande parte dos casos nos que o profesorado demanda asesoría xurídica, trátase de reclamacións perante a Consellaría.

3.- Tamén alarmante resulta a **Cláusula de Viabilidade**: “Se o asegurador estima que non existen posibilidades razoables de éxito ou estima improcedente a iniciación dun procedemento xudicial ou a interposición dun recurso, comunicarao ao asegurado, quedando este en liberdade de interpolo pero pola súa exclusiva conta, correndo cos gastos que iso supoña”.

**Menos mal que deixan liberdade para reclamar!** Normalmente os seguros nestes casos contemplan que se finalmente o asegurado gaña, o seguro debe resarcir os gastos á persoa asegurada. No seguro contratado pola Consellaría isto non aparece, exemplo da brillante negociación realizada pola Consellaría diante da compañía aseguradora ...

4.- Outra exclusión sorprendente: **A defensa da responsabilidade civil do asegurado**, unha das demandas máis graves que pode afrontar unha funcionaria ou un funcionario. Desde o STEG agardamos a poder estudar a póliza contratada pola Consellaría devagar antes de pronunciármonos definitivamente do que, de ser como aparece na páxina da Consellaría, sería un disparate. Queremos entender que esta exclusión supón a asunción da responsabilidade civil por parte da Xunta, xa que de non ser así, estaríamos ante unha omisión incomprensible.

Desde o STEG queremos denunciar unha vez máis, o afán privatizador deste goberno que pretende convencernos das bondades da empresa privada fronte á inoperancia do público. Os mesmos que deterioran os servizos públicos á forza de recortar o investimento neles, non escatiman cartos cando externalizan responsabilidades e xeran beneficios á empresa privada. No caso do que estamos a falar, ademais, **semella tratarse dunha medida máis efectista que eficiente**, polo esgrimido anteriormente, co agravante de que se contrata cunha empresa en Madrid que non garante a atención en galego e que deixa os beneficios pagados pola sociedade galega fóra dela.

**DECRETO 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.**

## **Capítulo VI**

### **Defensa de funcionarios**

**Artigo 43º.**-Defensa de funcionarios, autoridades ou persoal ó servicio da Administración ou entes dependentes ou vinculados a ela.

1. Os letrados da Xunta de Galicia asumirán, nos termos previstos neste capítulo, a asistencia, representación e defensa dos funcionarios, autoridades ou persoal ó servicio da Administración ou entes asistidos cando estes poidan ser parte en procedementos ante calquera orde xurisdiccional, calquera que sexa a súa posición procesual e sempre que este procedemento se suscite en virtude de actos ou omisións no exercicio lexítimo da súa función ou cando cumprisen orde da autoridade competente.

2. Non se asumirá a asistencia, defensa ou representación do funcionario, autoridade ou persoal que se defenda con avogado en exercicio da súa elección de acordo coas normas xerais do procedemento. Para estes efectos entenderase que se renuncia á defensa